

OFERTA EMPREGO DOCENTE ORDINARIA E ESTABILIDADE 2018

Ante o anuncio do Presidente da Xunta de Galicia sobre a oferta de emprego público docente para o ano 2018, FeSP-UGT quere destacar (a expensas de concretar os detalles da oferta e do proceso no seu conxunto) que a oferta global de **1919 prazas é moi superior ás ofertas ordinarias de emprego** de anos anteriores:

- **430** prazas no ano 2015
- **1100** no ano 2016
- **1100** prazas no ano 2017

O incremento de prazas de 2018 con respecto ás convocatorias ordinarias é consecuencia directa de:

- **Acordo pola mellora do Emprego**, asinado pola FeSP-UGT, marzo de 2017 en Madrid, que posibilitou ás comunidades autónomas de converter emprego interino en estable e fixo.
- **Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos na Xunta de Galicia**, asinado por FeSP-UGT o pasado 18 de outubro.
- **Acordo de interinos** que establece como obxectivo situar en torno ó **5 %**, o número de interinos dos corpos docentes, que FeSP-UGT tamén asinou.

Ditos Acordos, habilitan os procesos de reposición, dunha cifra que FeSP-UGT estima será de **3300 prazas docentes en tres anos**, ós que lle hai que sumar **1600 prazas temporais** que pasarán a ser fixas nun prazo de tres anos. Isto fai un total de **4900** prazas aproximadamente.

A oferta anunciada sitúase nun número de 1919 prazas. Tomando como referencia as convocatorias anteriores (convocatorias que eran ordinarias), esta oferta sitúase en 800 prazas por riba do que viña sendo a oferta normal. O que supón un incremento dun 70% do que sería a convocatoria normal ordinaria, e a conversión en postos fixos, nesta primeira convocatoria, da metade dos 1600 postos que se pretender consolidar até 2020.

Esta organización sindical quere poñer en valor os acordos que asina co obxectivo de consolidar e estabilizar as plantillas dos centros educativos de Galicia. Desprezar o traballo e Acordos calificándoo de **esperpento** (tal e como fai algunha organización sindical) só consegue debilitar a postura e o traballo dos e das nosas representantes diante da administración.

Ante un avance en estabilidade de emprego do persoal docente obxetivable, outros descalifican e parece que se adican a outra cousa. Non se pode negar que esta oferta é consecuencia directa da concreción dos distintos Acordos que esta organización sindical ten asinados.

No obstante, queda moita tarefa por facer, e non será doado. Co obxectivo de acadar máis información sobre o proceso de estabilización, a FeSP-UGT solicita a convocatoria urxente da **Subcomisión de Seguimento do Acordo**, e poder analizar con maior concreción o alcance do recoñecemento do proceso de estabilización que este anuncio supón.

Sindicato Nacional de Ensino Público